

RETORNO ÁS RUTAS DO VERSO

Luciano Rodríguez volve, con *Los caminos de la voz*¹, a unha vella «teima»: a de antologar a poesía galega dos oitenta. Da man dunha edición bilingüe galego/española, editada pola Deputación Provincial de Granada, ofrécenos o crítico a selección de seis autores sobradamente coñecidos, e de sempre gratificante lectura -Xavier Rodríguez Baixeras, Xosé María Álvarez Cáccamo, Xulio L. Valcárcel, Pilar Pallarés, Ramiro Fonte e Miguel Anxo Fernán-Vello. Despois da experiencia auroral e lúcida de *Desde a palabra, doce voces*² -primeira compilación rigorosa da poesía dos oitenta- ofértanos agora o antólogo a posibilidade de coñecer a criba efectuada polo tempo neses doce poetas, qué voces enmudeceron e cales foron quen de robustecerse e madurar ata ser, xa, referentes inevitables ó falar desta época.

Varias son as aportacións valiosas que atopamos na antoloxía. Unha delas é o breve, pero rico, prólogo que acompaña ós textos. Ten este a virtude de romper, acertadamente, con varios falsos tópicos creados pola crítica durante os últimos anos e sitúa no seu xusto termo a importancia de certas influencias mantidas ata agora como totémicas.

Así, 1976 deixa de ser o ano da *grande ruptura* co socialrealismo, por publicarse entón dúas obras *clave* -a ferriniana *Con pólvora e magnolias* e *Mesteres* de Arcadio López-Casanova- e consolídase a nomenclatura de "Poesía dos oitenta" para designar a esta época pois é, a partir de 1979, cando os autores comezan a publicar masivamente as súas obras. Establecidos os límites temporais en que discorre o movemento, e desbotada convenientemente a esaxerada teoría que falou dun "Século de Ouro" para a poesía galega, céntrase Luciano Rodríguez en deslindar, entre o marasmo de influencias, ós autores verdadeiramente determinantes para o cambio de rumbo poético. Ferrín e López-Casanova tiveron a súa importancia: escasa foi a pegada que deixou *Mesteres* e grande, no caso de Ferrín, a influencia da súa actitude vital sobre os novos autores que o imitan e seguen en todos os terreos menos no poético, como explica o antólogo:

creo que lo que más ha influído es la actitud del profesor
orensano: podemos hacer otro tipo de poesía y él así lo demostra-
ba. Creo que el de Méndez Ferrín es un magisterio formativo,
moral, ético y estético más que poético estrictamente.

¹ Diputación Provincial de Granada, Colección Maillot Amarillo, 1995

² Sotelo Blanco, Barcelona, 1986

E unha nova parella vén ampliar a nómina de autores relevantes: Álvaro Cunqueiro -cun maxisterio admitido pola meirande parte dos poetas actuais- e Aquilino Iglesia Alvariño, pero sen ser exclusiva deles a responsabilidade da creación desa atmósfera poética diferente, xa que os novos autores len e reivindicán a múltiples poetas relegados ó esquecemento por diversas razóns. Os influxos son, pois, heteroxéneos e variados. Os grupos poéticos -Rompenle, Cravo Fondo e Alén- son os primeiros indicios de cambio na poesía galega e abren o camiño para o resto das voces. Vaise entón configurando un ambiente propicio para o xermolar de poéticas e autores variopintos, atmosfera favorecida pola grande variedade de dinamizadores culturais: revistas literarias, premios poéticos, auxe dos recitais, etc.

Presencia dun forte culturalismo e intertextualidade -non só literaria senón pictórica, filosófica, etc.- nos textos; preocupación polos aspectos formais con metros, ritmos, artificios innovadores; creación dunha lingua poética propia e depurada; e conxunción de tradición e modernidade son as características principais que Luciano Rodríguez sinala a respecto da poesía dos oitenta. Rasgos que se manifestan en poemas que abranguen temáticas diversas: o amor e a sensualidade, a preocupación existencial polo paso do tempo, a morte, a vivencia interior e fonda da natureza, a denuncia ética -ligada á mellor poesía social- dos males que afectan á terra e á patria e unha certa reflexión metapoética.

O remate do prólogo vén reafirmar unha idea xa explícita no comezo do mesmo: os poetas non están enmudecendo, a súa voz madura e léganos cada vez mellores poemas:

Creo que puedo decir que nos encontramos en el momento más interesante [da poesía galega dos oitenta]: la entrega de sus mejores frutos empieza a hacer su aparición y para comprobarlo remito a los textos de los últimos libros publicados por estos autores

Nunca resulta baldío percorrer os camiños da voz, pois, aínda que volvamos sobre as nosas pegadas, sempre atoparemos rutas inéditas. A respecto dos textos escolle o antólogo poemas de todos os libros dos autores, o que nos permite establecer a evolución interior sufrida polo poeta desde as súas obras primoxénitas ata os últimos versos, publicados, xeralmente en 1994-1995. No caso particular de Pilar Pallarés temos que agradecerlle a Luciano Rodríguez, ademais do reencontro cos seus versos, a aportación de catro textos inéditos pertencentes ó que será o seu próximo poemario: *Livro das devoracións*. No seu caso, e no dos outros cinco autores antologados, a recompilación é dobremente necesaria toda vez que as primeiras obras de todos eles están esgotadas desde hai anos e é difícil atopalas na meirande parte

das bibliotecas; e porque nunca estará de máis revisar versos de tal altura poética, retornar a esas rutas da voz onde algún día loitamos co deserto, tomamos un tren a ningures, disfrutamos unha hora redonda, sofremos a derrota das derrotas, pronunciamos os nomes do regreso ou ficamos feridos polo gume das tardes de agosto.

TERESA SEARA

A Nosa Terra, 690, 7-9-1995, pp. 24-25